

Nota de prensa
17/02/2012

Cruz Vermella en Boiro organiza unha Festa-Desfile de Entroido

■ O luns 20 de febreiro a partir das 16:00h. no Centro Social de Boiro (local Leña Verde) terá lugar a Festa-Desfile do Entroido 2012, cos seguintes participantes: Talleres de Memoria para persoas maiores (Asemblea Local de Cruz Vermella en Boiro), Clases de Baile do Centro Social (Concello de Boiro) e o Centro de día de Boiro. Este festival está subvencionado polo Concello de Boiro.

Os diferentes grupos deleitarannos coas comparsas e disfraces elaborados polos diferentes grupos.

A festa- desfile estará composta polas seguintes actividades:

- Desfile e representación da comparsa dos diferentes grupos participantes.
- Degustación de manxares típicos de estas datas.

O obxectivo desta actividade consiste favorecer a relación intraxeracional dos diferentes grupos participantes, ca posta en marcha de diferentes actividades grupais relacionadas co Entroido para manter viva a tradición popular desta festividade.